



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2019

Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia

INTRODUCCIÓN Á HISTORIA E Á GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (Nivel superior)

Ramón Mariño Paz Universidade de Santiago de Compostela ramon.marino.paz@usc.es.

OBXECTIVOS

- Preténdese que os alumnos reciban unha información elemental sobre as diferentes etapas da historia da lingua galega e que saiban inserir nelas algunhas das súas mudanzas lingüísticas máis significativas.

CONTIDOS

- 1. Procesos de lingüificación e de dialectalización das variedades lingüísticas. Aplicación á periodización da historia da lingua galega.
- 2. Formación da lingua galega: latinización, substratos e superestratos (sécs. II a. C. – VIII d. C.)
- 3. Emerxencia e declive do idioma galego durante a Idade Media (sécs. IX-XV)
- 4. A dialectalización da lingua galega (sécs. XVI-XVIII)
- 5. A reemerxencia contemporánea (sécs. XIX-XXI)

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Castro, Ivo (2006): *Introdução à História do Português*. Segunda edição revista e muito ampliada. Lisboa: Edições Colibri.

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mariño Paz, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. München: Lincom.

M[ariño] P[az], Ramón / Xavier V[arela] B[arreiro] (2000): "Historia da lingua galega", in *Apéndice da Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.

Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

AVALIACIÓN

Neste seminario combinaranse as exposicións teóricas coa lectura e o comentario (socio)lingüístico de textos de distintas épocas.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2019

O día 15 de xullo os alumnos enviarán ao enderezo electrónico do profesor unha breve composición en que fagan unha presentación sumaria da historia da lingua galega. O exercicio deberá ter entre 6.000 e 7.000 caracteres (espazos en branco incluídos). Valorarase especialmente a corrección da presentación formal e da expresión escrita, así como o esforzo por completar os coñecementos transmitidos na aula coa lectura das obras da bibliografía recomendada.

Para a avaliación final teranse en conta a cualificación da composición entregada e o grao de participación activa nas clases.